



## **30 RAPACES E RAPAZAS INICIANSE NO ESCULTIMO Nace o novo Grupo Scout ILEX na cidade de Ourense**

Ourense, 2 de outubro de 2015

**Por fin chega, e será o próximo fin de semana do 10 e 11 de outubro o grupo scout "ILEX" vai a realizar un campamento "Academia de Exploradores/as" aberta a todos os nenos e nenas de 8 a 13 años, como presentación en Ourense do novo Grupo Scout ILEX.**

O Grupo Scout ILEX constituíuse recentemente como asociación na cidade de Ourense e conta cunha ducia de voluntarias e voluntarios, con ampla formación e experiencia, que impulsarán a súa actividade educativa. Este colectivo se caracteriza por ser o **primeiro grupo scout da cidade de tipo laico**, e forma parte dun movemento educativo internacional ao que pertencen máis de 30 millóns de persoas, entre mozos e mozas e adultos, homes e mulleres, que comparten un mesmo sistema de valores e o desexo de construír un mundo mellor.

**Somos unha escola de cidadanía**, na que educamos dende a coeducación na liberdade, a xustiza e a solidariedade, estimulando a responsabilidade persoal no marco da convivencia e o servizo á comunidade. Pretendemos contribuír a espertar o espírito crítico e participativo, respectando a liberdade persoal á vez que promovendo hábitos de vida saudable e o compromiso co coidado e defensa do medio.

Alcanzamos as nosas metas educativas a través de **actividades estimulantes e atractivas, xogos e moita diversión**. Na nosa metodoloxía empregamos actividades todos os sábados pola mañá (que comezarán a partir do 24 de Outubro) tendo como espazo referencial o Espazo Xove (Casa da Xuventude) e que se combinarán con campamentos ao longo do ano, principalmente coincidindo coas vacacións de Nadal, Semana Santa e verán.

### **Primeira actividade**

Este campamento será unha forma de presentar o tipo de actividades que nos caracterizan como scouts que iremos traballando ao longo do ano. Faremos **orientación, cociña de campaña, xogos, lume de campamento, rastrexo, cancións**, moitas risas e en definitiva unha chea aventuras ambientadas no mundo da exploración que terán como base o albergue de Vilar de Ordellas, que xenerosamente nos cede o Concello de Esgos.

Será unha experiencia de contacto e respecto coa Natureza e totalmente gratuíta grazas á axuda da Xunta de Galicia a través do seu programa "**Iniciativa Xove**" e que inclúe a alimentación, aloxamento, materiais, actividades, seguros, monitores/as e o transporte de ida e volta a Ourense. **A inscrición pode facerse a través da**



**nosa páxina web**, e previamente ao campamento teremos unha **reunión coas familias** dos e das participantes para despexar todas as dúbidas.

### **Procedencia do nome ILEX**

ILEX é o nome en latín da aciñeira e tamén do acivro. Ambas prantas son propias da nosa xeografía e cun interesante valor natural e cultural. O acivro ten o valor simbólico foi a primeira planta protexida de Galicia, propia das zonas de montaña ten bagas en inverno polo que é moi importante para o sustento e acubillo de aves nesta época. Pola súa banda, a aciñeira é unha árbore cunha madeira difícil de podrecer, algo que nos lembra a honestidade do carácter scout, e tamén é dura sendo usada como piares ou vigas, que tamén nos recordan a fortaleza dos valores nos que nos sustentamos.

### **Máis información:**

---

[Sobre o campamento](#) / [Sobre o grupo scout](#)

**Xulio López – Coordinador do Grupo Scout ILEX**

**649 752 351**